



*Ilmo Concello de
CAMBADOS*

APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA, FACENDA, COMERCIO, INDUSTRIA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

Redactada modificación da Ordenanza Reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa e informada a mesma por parte da intervención municipal é polo que propoño á Comisión Informativa permanente de Economía e Patrimonio dictamine en sentido favorable a modificación e eleve ao pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, concretamente a modificación dos artigos 5º e 6º segundo a redacción dada polo Concelleiro de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica.

Segundo.- Abrir un período de información pública por espacio de 30 días hábiles, expoñendose o anuncio de información pública no taboleiro de anuncios do Concello, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ademais de publicalo nun dos diarios de maior difusión da provincia, a fin de que os interesados aos que se refire o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Rematado o período de exposición pública, o Concello adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se houbesen presentado e aprobando a redacción definitiva da modificación a que se refire o acordo ata entón provisional. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

Cuarto.- A modificación non entrará en vigor ata a publicación do texto íntegro da modificación da Ordenanza no BOPPO.

En Cambados a 21 de abril de 2016

Concelleiro de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica

Asdo: Xurxo Charlín Trigo





ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Con data 21.12.2012 publicouse no B.O.P. nº 245, o texto íntegro da Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, e concretamente nos seus artigos 5º e 6º recollíase que:

"ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

| CONCEPTO | €/m2/ANO | | |
|--|------------------------|------------------------|------------------------|
| | RÚAS DE 1 ^a | RÚAS DE 2 ^a | RÚAS DE 3 ^a |
| Ocupación ou reserva de vía pública con mesas, cadeiras ou semellantes | 24,40 €/ano | 18,28 €/ano | 12,92 €/ano |

Con carácter excepcional, durante as Festas do Albariño, os establecementos de hostelería poderán efectuar unha venda nos exteriores dos seus locais. Para tal fin, deberán formular a correspondente solicitud de autorización perante a Alcaldía, previo o ingreso nas arcas municipais das cantidades de 608,25 € para as barras e terrazas que impliquen o corte da rúa e de 333,21 € para o resto das terrazas. dita autorización deberá solicitarse como mínimo 20 días naturais antes do comezo das Festas do Albariño, debendo estar ó corrente coas obrigas tributarias do Concello.

ARTIGO 6º.—BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais."

Tendo en conta que a tarifa para a ocupación, ou reserva de vía pública con mesas, cadeiras ou semellantes, se aplica en virtude da categoría da rúa (segundo o establecido no artigo 7 da Ordenanza fiscal xeral de taxas e prezos públicos, do B.O.P. nº 248 con data 23.12.2008), e a maiores, o prezo desta tarifa establecese ademais tendo en conta os metros cadrados da mesma. Coidase que neste momento, procede efectuar unha modificación no citado texto con respecto a tarifa, que se establece con carácter excepcional, durante as Festas do Albariño, aos establecementos de hostalería que efectúan vendas nos exteriores dos seus locais, e no que se establece unha contía fixa con independencia da ubicación da mesma ou da superficie ocupada.

Ademais nesta nova redacción destes artigos da ordenanza, hai que ter en conta que a festa do Albariño se trata dunha festa declarada de Interese Turístico Nacional. O que



ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS

comezou como unha reunión de amigos en 1953, é hoxe unha das máis importantes citas dentro das festas dedicadas á vitivinicultura en España, e polo tanto, dende o Concello de Cambados debese tentar incentivar aos hostaleiros para que se impliquen non so na promoción da Festa do Albariño, se non tamén na promoción do sector do viño Albariño, mediante a venda de viño nestes locais de hostalería, xunto coa promoción tanto do sector do viño albariño como da propia Denominación de Orixe Rías Baixas. Tentando mediar, dende o Concello de Cambados, no que sexa posible entre Adegueiros, a Denominación de Orixe Rías Baixas e os hostaleiros de Cambados para acadar este fin. Motivo polo que, dende o Concello de Cambados, non se aplicara unha dobre imposición con outras ordenanzas municipais pola promoción tanto da festa do albariño, como do sector do viño albariño nas taxas por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

Razón pola cal, se lle propón o Pleno da Corporación adopte acordo no sentido de modificar a Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, e concretamente nos seus artigos 5º e 6º quedando redactado do seguinte xeito:

"ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS

CONCEPTO

| | €/m2/ANO | | |
|--|-------------|-------------|-------------|
| | RÚAS DE 1ª | RÚAS DE 2ª | RÚAS DE 3ª |
| Ocupación ou reserva de vía pública con mesas, cadeiras ou semellantes | 24,40 €/ano | 18,28 €/ano | 12,92 €/ano |

Con carácter excepcional, durante as Festas do Albariño para a promoción tanto da festa coma do viño albariño, os establecementos de hostalería poderán efectuar unha venda nos exteriores dos seus locais. Para tal fin, deberán formular a correspondente solicitude de autorización perante a Alcaldía, previo o ingreso nas arcas municipais das cantidades fixadas nesta tarifa.

TARIFAS

CONCEPTO

| | €/m2/ANO | | |
|---|-------------|-------------|-------------|
| | RÚAS DE 1ª | RÚAS DE 2ª | RÚAS DE 3ª |
| Barra e terrazas que impliquen o corte da rúa | 64,40 €/ano | 48,25 €/ano | 34,10 €/ano |
| Resto das terrazas | 35,28 €/ano | 26,43 €/ano | 18,68 €/ano |

Dita autorización deberá solicitarse como mínimo 20 días naturais antes do comezo das Festas do Albariño, debendo estar ó corrente coas obrigas tributarias do Concello.




ILMO CONCELLO DE
CAMBADOS

ARTIGO 6º.—BENEFICIOS FISCAIS.

Establécese unha bonificación do cinco por cento da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira, anticipen pagos ou realicen actuacións que impliquen colaboración na recadación de ingresos."

En Cambados, a 18 de Abril de 2009



Fdo. Xurxo Charlín Trigo.

Concelleiro de Economía, Facenda, Industria, Promoción Económica e Comercio.